



PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 19

Apoio para o desenvolvemento local de LEADER

Submedida 19.2

**Apoio para a realización das operacións
conforme á estratexia de
desenvolvemento local participativo**



Índice

1.	<u>Medida 19. Apoio para o desenvolvemento local de LEADER</u>	3
1.1.	<u>Submedida 19.2 Apoio para a realización das operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo</u>	4
1.1.1.	<u>Que tipo de actuacións se financian?</u>	4
1.1.2.	<u>Quen pode solicitar esta axuda?</u>	6
1.1.3.	<u>Como se outorga a axuda?</u>	6
1.1.4.	<u>Que tipo de gastos se financian?</u>	7
1.1.5.	<u>Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	8
1.1.6.	<u>Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	9
1.1.7.	<u>A canto ascende esta axuda?</u>	10
1.1.8.	<u>Quen xestiona esta axuda?</u>	11
1.1.9.	<u>Marco normativo</u>	11
1.1.10.	<u>Documentos e ligazóns relacionados</u>	12

1 Medida 19. Apoio para o desenvolvemento local de LEADER

O enfoque LEADER, como instrumento de desenvolvemento local integrado, innovador, multisectorial e participativo, demostrou ser unha ferramenta que contribúe ao equilibrio territorial nas zonas rurais galegas. En virtude desta medida, preténdese seguir apostando por esta ferramenta fomentando a innovación e impulsando o deseño da estratexia polos axentes do territorio.

Os obxectivos do enfoque LEADER para o período 2014-2020 en Galicia son:

- ✓ Mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural, En concreto, espérase que a aplicación das estratexias por parte dos GAL contribúa de forma prioritaria a seleccionar proxectos produtivos que necesariamente consoliden e/ou cren emprego no territorio
- ✓ Mellorar e poñer en funcionamento servizos para a poboación nas zonas rurais, de maneira que se mellore o nivel de vida dos habitantes do medio rural, favorecendo a inclusión social e traballando na redución da pobreza e no desenvolvemento económico xeneral do territorio rural galego. Para iso seguirase impulsando, de forma prioritaria, o desenvolvemento de pequenas infraestruturas e servizos básicos nas zonas rurais, incluíndo as actividades culturais e de lecer e a rehabilitación do patrimonio cultural dos pobos e aldeas do territorio.
- ✓ Favorecer a ocupación sustentable do territorio, con especial atención aos colectivos máis desfavorecidos dos territorios rurais, en particular, novos, mulleres, discapacitados,...
- ✓ Garantir a sustentabilidade da actividade no medio rural, mediante unha utilización adecuada dos recursos naturais.
- ✓ Potenciar a goberno local e a animación social. Coa implantación do programa LEADER en todo o territorio rural galego, os GAL que resulten seleccionados continuarán poñendo en funcionamento as súas estratexias de desenvolvemento local cun enfoque ascendente e establecendo os criterios de selección de proxectos que mellor se adapten ao seu territorio.
- ✓ Innovación, mediante a inclusión nas estratexias de novas formas de enfrontarse aos retos e necesidades que se expoñen en cada ámbito local.
- ✓ Contribuír á conservación e mellora do medio ambiente, mediante a consideración prioritaria nas estratexias de desenvolvemento local participativo deste obxectivo transversal.
- ✓ Fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio

climático, fomentando tanto o uso de enerxías renovables como a mellora da eficiencia enerxética.

Para iso, desde esta medida apóíase o establecemento das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), así como a súa implantación e desenvolvemento a través do seguintes catro submedidas:

- ✓ Submedida 19.1 Apoio á preparación de estratexias de desenvolvemento local
- ✓ Submedida 19.2 Apoio para a realización das operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo
- ✓ Submedida 19.3 Actividades de cooperación
- ✓ Submedida 19.4 Custos correntes e animación

1.1 Submedida 19.2 Apoio para a realización das operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo

En virtude desta medida desenvolveranse as EDLP aprobadas, de tal forma que se poñerán en marcha os plans de acción previstos nestas estratexias.

1.1.1 Que tipo de actuacións se financian?

Serán subvencionables os proxectos que sexan seleccionados polos GAL e que cumpran co disposto nas bases reguladoras e na normativa sectorial que lles resulte aplicable. As operacións seleccionadas por cada GAL deberán estar enmarcadas na súa estratexia de desenvolvemento local, de maneira que respondan as prioridades e aos obxectivos especificamente recollidos na estratexia. En función da súa natureza os proxectos que se seleccionen poderán ter a consideración de produtivos ou non produtivos.

En función da súa inclusión inicial na estratexia dos GAL, distínguense entre proxectos programados e os proxectos non programados (aqueles non definidos especificamente na estratexia do GAL, pero que atendendo á súa singularidade, innovación e cumprimento dos obxectivos especificamente sinalados na estratexia, poidan ser seleccionados polos grupos).

Os GAL poderán seleccionar como proxectos:

- ✓ Os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios, considerando como tales os produtos enumerados no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea excepto os produtos da pesca. Considerarase transformación e comercialización de produtos agrarios cando polo menos o 85% das materias primas utilizadas para a transformación estean incluídas no devandito anexo I do Tratado. O



resultado do proceso de produción poderá ser un produto non contemplado no anexo. Unicamente se apoiarán a través do programa Leader pequenos investimentos, tendentes a valorizar produtos locais de calidade e referidas á creación e/ou modernización de empresas de transformación e comercialización de produtos agrarios consistentes en investimentos tanxibles e intanxibles de pequena dimensión (ata un máximo de 30.000 € de orzamento total subvencionable), destinados a mellorar a competitividade das pequenas agroindustrias do rural galego, garantindo á súa vez a sustentabilidade ambiental das actividades económicas.

- ✓ Os investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais para o uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, tendentes á produción a pequena escala de acha de madeira ou de pellets. Os proxectos que estean promovidos polas comunidades de montes veciñais en man común ou por agrupacións de propietarios serán subvencionables no caso de que inclúan unha extensión superior ás 15 hectáreas.
- ✓ A creación e investimento en todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias.
- ✓ A creación, mellora ou ampliación de todo tipo de servizos para a poboación rural, así como as actividades recreativas e culturais, e as súas correspondentes infraestruturas.
- ✓ Os investimentos para uso público en infraestruturas recreativas, información turística e infraestruturas de turismo a pequena escala.
- ✓ O mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e das zonas de alto valor natural, en particular as integrantes da Rede Natura 2000 e demais territorios integrados na rede de espazos protexidos de Galicia.
- ✓ A formación promovida polos GAL e dirixida á poboación activa do territorio, coa finalidade de aumentar a empregabilidade, tanto por conta propia como allea.

Non serán subvencionables os proxectos do sector da produción agraria primaria (que inclúe produción agrícola, gandeira e forestal) nin os proxectos relacionados coa xestión de residuos procedentes da actividade agrícola e gandeira. Con todo, serán financiáveis, atendendo especificamente á prioridade horizontal de loita contra o cambio climático e adaptación a unha economía que diminúa as emisións de carbono, os investimentos en explotacións agrarias relativas a unha mellora da eficiencia enerxética das mesmas e ao emprego de enerxías renovables. En todo caso, a mellora da eficiencia enerxética da explotación agraria deberá quedar acreditada mediante a presentación dun plan empresarial, acompañado dun informe emitido por un técnico cualificado competente ou dunha auditoría enerxética.



Atendendo ao carácter local das estratexias de desenvolvemento, a diferenza do disposto noutras medidas do PDR de Galicia e nas medidas correspondentes a outros fondos comunitarios, a través do programa LEADER de Galicia 2014-2020, unicamente poderanse auxiliar beneficiarios de proxectos de natureza produtiva que teñan a consideración de pequenas empresas (segundo a definición do anexo I do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión do 17 de xuño de 2014).

Por outra banda, os GAL, nas súas estratexias, deberán describir as normas que garantan que a estratexia proposta é coherente e complementaria coas intervencións doutras medidas do PDR de Galicia, programas, fondos e liñas de axuda que se poñan en funcionamento e, moi en particular cos grupos de desenvolvemento local participativo que se poidan constituír ao amparo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, cuxo territorio sexa coincidente total ou parcialmente co territorio de actuación dalgún GAL seleccionado para aplicar unha estratexia LEADER no período 2014-2020.

1.1.2 Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, as entidades públicas de carácter local (concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores) e as comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

No ámbito desta submedida, os GAL só poderán ser beneficiarios do tipo específico dos proxectos de formación, tendentes a incrementar a capacitación para o emprego e dirixidos á poboación activa do seu territorio de actuación.

1.1.3 Como se outorga a axuda?

A axuda outorgarase en forma de subvención sobre os custos subvencionables, tendo en conta a porcentaxe de axuda que resulte da aplicación ao proxecto dos criterios de selección establecidos polo GAL de acordo coas súas propias prioridades, e sempre que cumpran as condicións de elixibilidade e que superen a puntuación mínima ou “de corte” que se estableza en cada unha das estratexias de desenvolvemento local que resulten seleccionadas.

Os beneficiarios de axudas ao investimento poderán solicitar un anticipo de ata un 50% como máximo da axuda pública correspondente ao investimento e sen superar o importe de axuda previsto na anualidade vixente. O pago do anticipo estará supeditado á constitución dunha garantía bancaria ou dunha garantía equivalente que corresponda ao 110% do importe anticipado.

1.1.4 Que tipo de gastos se financian?

Serán subvencionables os gastos necesarios para cumprir coa finalidade do proxecto. Con carácter xeral, poderán subvencionarse, coas condicións e requisitos que se establezan nas bases reguladoras, a construción e mellora dos bens inmobles, a adquisición de maquinaria e equipamento novo, a adquisición de terreos por un importe que non exceda do 10% dos gastos subvencionables, a adquisición de inmobles por un importe que non exceda do 50% dos gastos subvencionables e os investimentos intanxibles como a adquisición e o desenvolvemento de programas informáticos.

O arrendamento con opción de compra será subvencionable de acordo cos requisitos e condicións que se establezan nas bases reguladoras do programa LEADER de Galicia 2014-2020, excluíndose os custos relacionados cos contratos de arrendamento con opción de compra tales como a marxe do arrendador, os custos de refinanciamento dos intereses, os gastos xerais e os gastos de seguro.

Tamén se consideran subvencionables os custos xerais vinculados ao investimento, tales como estudos de viabilidade, honorarios referidos ao asesoramento sobre sustentabilidade económica e ambiental, gastos de proxectos, dirección de obra e adquisición de patentes, licenzas, dereitos de autor e marcas rexistradas. Serán subvencionables así mesmo, os gastos notariais e rexistrais derivados do comezo da actividade prevista no proxecto. En todo caso, os gastos a que se fan referencia neste parágrafo limitaranse a un máximo do 20% do investimento subvencionable.

Para os proxectos de formación promovidos polos GAL e destinados á poboación activa do territorio, serán subvencionables:

- ✓ Material funxible necesario para realizar a actividade formativa.
- ✓ Gastos de desprazamentos e dietas, segundo as contías máximas que estableza a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Aluguer de instalacións e equipos.
- ✓ Gastos de contratación de persoal docente e expertos, tendo en conta que o persoal encargado de impartir a actividade formativa deberá ser tecnicamente apto e xustificadamente elixido para a actividade.
- ✓ Calquera outro que a autoridade de xestión estime conveniente e que se recolla nas bases reguladoras.

Non se considerarán gastos subvencionables:

- ✓ A mera reposición ou substitución de equipamento e as obras de mantemento das instalacións.



- ✓ Os investimentos que substitúan a outras que fosen financiadas polo fondo Feader ou outro fondo comunitario, sempre que non transcorresen 5 anos desde a súa realización.
- ✓ Os investimentos de reforma ou rehabilitación de inmobles cuxa construción ou adquisición fose financiada polo fondo Feader ou outro fondo comunitario nos 5 anos anteriores.
- ✓ Os gastos de funcionamento da actividade subvencionada e o material funxible en xeral, coas excepcións que para os proxectos de formación establécense.
- ✓ O IVE recuperable polo promotor do proxecto, así como os demais impostos indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación, así como os impostos persoais sobre a renda.

1.1.5 Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

- ✓ Serán subvencionables as operacións que respondan as prioridades e/ou obxectivos definidos especificamente na súa estratexia. Todas as operacións deberán contar coa verificación favorable da autoridade de xestión (ou organismo en quen esta delegue) e deberán ser seleccionadas polos GAL seguindo o procedemento de selección das operacións recollido nas normas de xestión da estratexia aprobada. En todo caso, o procedemento de selección será transparente e non discriminatorio, quedando recolleito expresamente o cumprimento do procedemento definido para garantir a ausencia de conflito de intereses entre as persoas ou entidades do GAL que participen nos órganos decisorios do mesmo e o proxecto seleccionado.
- ✓ Non serán subvencionables, os investimentos en proxectos de natureza produtiva que carezan de viabilidade técnica, económica ou financeira, os investimentos en proxectos de natureza non produtiva que carezan de viabilidade técnica ou financeira.
- ✓ Os investimentos que non se axusten á normativa sectorial (comunitaria, nacional e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto, os proxectos que non sexan finalistas nin os investimentos executables fóra do ámbito territorial elixible.
- ✓ Por outra banda, só se considerarán subvencionables os gastos nos que se incorra despois de presentarse a solicitude de axuda, con excepción dos custos xerais vinculados aos gastos de investimento, tales como honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores, honorarios relativos ao asesoramento sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade. En todo caso, os gastos que se consideren elixibles deberán de contar coa proposta de aprobación do grupo de acción local pertinente.
- ✓ Con excepción das entidades públicas de carácter local que poidan ser beneficiarias





dun proxecto de natureza produtiva, os beneficiarios dos proxectos produtivos limitaranse ás pequenas empresas (segundo a definición do anexo I do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión do 17 de xuño de 2014).

- ✓ No caso de entidades públicas locais non serán elixibles os proxectos de sinalización territorial, nin os proxectos de infraestruturas asociadas a servizos de prestación obrigatoria por parte das devanditas entidades locais ou os servizos esenciais declarados de reserva a favor das entidades locais, nos termos establecidos nos artigos 26 e 86.3, da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- ✓ No ámbito desta submedida, os proxectos de formación tendentes a incrementar a capacitación para o emprego e dirixidos á poboación activa do territorio, unicamente poderán ser promovidos polos GAL. A formación referida á utilización e desenvolvemento de enerxías renovables para incrementar a empregabilidade no territorio poderá ter consideración prioritaria por parte dos GAL.
- ✓ A porcentaxe que se poderá destinar á formación da poboación activa do territorio ascenderá a un máximo do 2,5% dos fondos públicos que se asignen a esta submedida 19.2 (posta en funcionamento de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo)
- ✓ Os proxectos de natureza produtiva deberán alcanzar, polo menos, un 65% dos fondos públicos totais que se asignen á submedida 19.2

1.1.6 Que criterios serán utilizados para a selección?

Cada grupo de acción local deberá deseñar un procedemento de selección das operacións non discriminatorio e transparente, establecendo os criterios obxectivos necesarios para a selección das operacións que se financiarán no marco da súa estratexia. Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento.

Non se poderá seleccionar ningún proxecto que non supere a puntuación mínima ou “de corte” que cada GAL estableza nas súas normas de selección de proxectos. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os posibles solicitantes. Entre os criterios de selección aplicables aos proxectos produtivos poderán supoñer puntos adicionais a incidencia do proxecto na creación e/ou mantemento de emprego e a incidencia do proxecto na utilización de enerxías renovables e/ou na mellora da eficiencia enerxética. Para a selección dos proxectos de natureza non produtiva poderán terse en conta para os efectos de outorgar puntos adicionais, criterios de selección referidos á incidencia ambiental, podendo valorarse aspectos como a



utilización sustentable dos recursos endóxeos, a contribución á biodiversidade e á conservación de hábitats, a xestión de recursos hídricos, a contribución á prevención de incendios, a utilización de enerxías renovables e técnicas de mellora da eficiencia enerxética,...

En xeral, para cada criterio de selección outórganse puntos e a puntuación total da aplicación debe ser a suma dos puntos de todos os criterios de selección que se satisfagan. Fixarase un limiar mínimo de puntos que debe alcanzar unha solicitude para acceder á axuda.

Descríbanse os procedementos que garantan a ausencia de conflito de intereses das persoas ou entidades que formen parte dos órganos decisorios dos GAL. Por outra banda, deberá quedar documentado en cada toma de decisións que se seguiu o procedemento aprobado para garantir a ausencia de conflito de intereses, así como para acreditar que, en todo caso, polo menos o 51% dos votos emitidos proceden de socios que non son autoridades públicas. O procedemento de selección de proxectos documentarase por escrito en todas as súas fases. O equipo xestor do GAL realizará un informe control de elixibilidade (ICE) que será obxecto de verificación por parte da Autoridade de Xestión (ou organismo en quen esta delegue) para os efectos de comprobar a súa adecuación á estratexia do GAL, ás bases reguladoras e á normativa sectorial (local, autonómica, nacional) que resulte de aplicación para cada caso.

1.1.7 A canto ascende esta axuda?

Poderán apoiarse ata o 50% dos gastos subvencionables no caso de proxectos produtivos e ata o 90% nos non produtivos, con excepción dos proxectos de formación promovidos directamente polos GAL, que poderán alcanzar o 100% de axuda dos gastos subvencionables. A intensidade mínima de axuda dependerá do que se estableza nas normas de xestión de cada unha das estratexias de desenvolvemento local seleccionadas. Como norma xeral, a intensidade mínima de axuda situarase nun 15% para proxectos de natureza produtiva e nun 30% para os proxectos non produtivos. En todo caso, a porcentaxe exacta que lle corresponderá a cada proxecto virá determinado pola puntuación que resulte da aplicación dos criterios de selección (baremo) que establecesen cada un dos GAL e que fosen aprobados pola Autoridade de Xestión (ou organismo en quen delegue).

O importe máximo de axuda por proxecto limitarase a un máximo de 200.000 €, salvo para o caso dos proxectos non produtivos que non deban ampararse na normativa de axudas de estado, que, excepcionalmente, e previa autorización da Autoridade de Xestión (ou organismo en quen delegue), poderán alcanzar un importe máximo de 250.000€ de axuda. Por outra banda, e tendo precisamente en conta a citada normativa de axudas de estado, o importe máximo de axuda para os proxectos produtivos que se amporen no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, limitaranse a un máximo de 200.000€ por promotor durante un período de tres exercicios fiscais.

1.1.8 Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

1.1.9 Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo y de la Pesca, y por el que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) N° 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da Política Agraria Común
- ✓ Regulamento (UE) N° 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, de 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Regulamento de Execución (UE) N° 808/2014 da Comisión, de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento de Execución (UE) N° 809/2014 da Comisión, de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) N° 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade



- ✓ Directrices sobre as axudas estatais de finalidade rexional para 2014-2020 (2013/C 209/01)
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

1.1.10 Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Axencia Galega para el Desenvolvemento Rural (Agader)
<http://agader.xunta.gal>
- ✓ Leader (Agader)
<http://agader.xunta.gal/es/lineas-de-ayuda/gestionadas-por-los-gdr/programa-leader>
- ✓ Rede Rural Nacional (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
<http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/red-rural-nacional>
- ✓ Rede Española de Desenvolvemento Rural
<http://www.redr.es>
- ✓ Rede Europea de Desenvolvemento Rural
https://enrd.ec.europa.eu/home-page_es
- ✓ Asociación Europea de Grupos Leader (ELARD)
<http://www.elard.eu/>
- ✓ Guía de Desenvolvemento Local Participativo
http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docgener/informat/2014/guidance_clld_local_actors_es.pdf
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.14.3.2 del Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

